

A nosa ref.: 6 Educación

Asunto: información xeral campamentos verán 2020 (1ª QUENDA).

Queridos pais, nais ou titores: Por medio desta circular informámoslles de como se vai desenvolver a 1ª quenda do Campamento Urbano de Verán 2020 organizado polo concello de Cambre, amosando os seguintes datos de interese:

- **Lugar de realización:** CEIP Wenceslao Fdez. Flórez
- **Datas:** do 1 ao 15 de xullo (ambos incluídos) de luns a venres.
- **Punto de encontro entrada e saída:** Na entrada do centro. **Os acompañantes non poderán entrar no edificio.**
- **Datos do coordinador:**

Daniel 644103231

- **Persoal:** O persoal do campamento, ademais da formación e experiencia que xa teñen adquirida, recibirá por parte do Concello de Cambre unha formación específica en atención a participantes sobre discapacidade e diversidade funcional.
- **É importante que os pais/nais ou titores respecten o horario de chegada e de recollida dos participantes no centro escolar segundo o módulo elixido. Fóra deste horario a porta de entrada ao centro escolar permanecerá pechada, polo que deberán chamar por teléfono ao coordinador das actividades para que lles abra.**

Calquera comunicación que queiran facer poderán facelo a través do coordinador do campamento ou ben por escrito ao concello de Cambre (educacion@cambre.org) ou chamando ao departamento de Educación ao nº de teléfono 981 613 291.

Horario do transporte e paradas:

- **TRANSPORTE DA 1ª QUENDA:** Do 1 ao 15 de xullo de 2022 (11 días).

PARADA IDA	Horario de ida	PARADA VOLTA	Horario de volta
CEIP Plurilingüe Graxal	8:50 h	SAIDA DO CEIP WENCESLAO	16:20 h
CEIP Portofaro	8:55 h	CEIP GTB de Sigrás	16:25 h
CHEGADA CEIP WENCESLAO	9:00 h	CEIP Emilio Glez. López de Brexo-Lema	Non solicitada
P. Bus rotonda entrada A Barcala	9:05 h	Escola de Pravio (no Cruceiro)	16:35 h
Escola de Pravio (no Cruceiro)	9:15 h	P. Bus rotonda entrada A Barcala	16:40 h
CEIP Emilio Glez. López de Brexo-Lema	Non solicitada	SAIDA DO CEIP WENCESLAO	16:45 h
CEIP GTB de Sigrás	9:25 h	CEIP Portofaro (P.bus frente ao colexio)	16:50 h
CHEGADA CEIP WENCESLAO	9:30 h	CEIP Plurilingüe Graxal	16:55h

Nesta quenda, debido ao nº de solicitudes recibidas para o transporte, o bus ten que facer dous itinerarios polo que o horario varía un pouco respecto á información dada nun primeiro momento tanto do transporte coma no horario de chegada e de saída ao lugar de realización das actividades no CEIP Wenceslao Fdez Flórez de Cambre.



Pregamos puntualidade á hora tanto de deixar ao/á participante coma a de recoller na súa parada. **Se alguén non está na parada o autobús non agardará e na volta continuará co/coa participante ata chegar á última parada.**

- **¿Que necesitan para eses días?**

- **Unha muda completa**, sobre todo os máis pequenos (3 anos), que deberán deixala no centro.
- **Roupa e calzado deportivo**. Gorra e chubasqueiro, segundo faga sol ou chuvia. É aconsellable que a roupa estea marcada co seu nome para evitar que o perdan (sobre todo os participantes máis pequenos).
- Os/as participantes poderán **levar merenda para tomala a media mañá e un botellín de auga co seu nome**.

- **Medidas de seguridade e hixiene polo COVID-19 a resaltar:**

- **Non poderán acceder** ao centro, as persoas que teñan síntomas coma febre, tos,..., nin os/as participantes poderán participar no campamento.
- Os acompañantes que leven e recollan aos/ás participantes directamente ao centro onde se vai facer o campamento, non poderán entrar no edificio. Deixarán e recollerán aos seus fillos/as no lugar de encontro.
- Será obrigatorio o uso de mascarilla por todos os/as participantes e persoal no transporte.
- Durante o transcurso do campamento os/as monitores/as do campamento informarán aos/ás participantes das medidas de seguridade e hixiene que terán que cumprir.

- **Outras normas:**

- Durante todo o campamento, os pais, nais ou titores deberán ter o teléfono operativo.
- Non está permitido que os participantes leven aparellos electrónicos nin xoguetes ao campamento, en tal caso se lles retirará e se entregará ao seu pai/ nai ou titor/a na recollida ou ao remate do mesmo.



- **Menú da comida:**

1ª QUENDA:

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
				01-xullo <i>Ensalada variada (leituga, tomate, mazá, aceitunas e maíz)</i>
				<i>Escalopines ao ovo con arroz e salsa ao curri</i>
				<i>Froita</i>
04- xullo	05- xullo	06- xullo	07-xullo	08- xullo
<i>Sopa xardiñeira</i>	<i>Ensalada campesina (leituga, garabanzos, tomate, queso e aceitunas)</i>	<i>Crema de calabacín</i>	<i>Ensalada mediterránea (tomate, ovo, atún e aceitunas negras)</i>	<i>Ensalada italiana (pasta, leituga, tomate, maíz e aceitunas verdes)</i>
<i>Lomo de cerdo en salsa de champiñóns con patatas ao forno</i>	<i>Fusilis con taquitos de salmón e salsa de tomate</i>	<i>Polo asado con ensalada (leituga, cebola e maíz)</i>	<i>Albóndigas caseras con arroz ao forno</i>	<i>Merluza en salsa con patatas ao forno</i>
<i>Froita</i>	<i>Froita</i>	<i>logur</i>	<i>Froita</i>	<i>logur</i>
11- xullo	12- xullo	13- xullo	14-xullo	15- xullo
<i>Crema de verduras</i>	<i>Salmorejo</i>	<i>Ensalada tropical (leituga, tomate, xamón york, piña e manzá)</i>	<i>Arroz en salsa con atún</i>	<i>Ensalada de lentexas (leituga, tomate, lentexas, zanoria e queso)</i>
<i>Pizza artesana de tomate, xamón iork e mozzarella</i>	<i>Milanesa napolitana con patacas ao forno</i>	<i>Macarrones á boloñesa mariñeira con merluza</i>	<i>Tortilla paisana con ensalada (tomate e cebola)</i>	<i>Codillo ao forno con espirales ao vapor</i>
<i>logur</i>	<i>Froita</i>	<i>logur</i>	<i>Froita</i>	<i>Froita</i>

As persoas que presentaron nas observacións da solicitude algunha intolerancia como (ao ovo, á fructosa e non comer cerdo, adaptarse este menú a tales intolerancias).



CALQUERA DÚBIDA OU ACLARACIÓN PODEN CHAMAR AO CONCELLO DE CAMBRE (EDUCACIÓN) TF.: 981 613 291 OU CORREO ELECTRÓNICO: educacion@cambre.org.

Subvencións a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade:

Programa de fomento da conciliación

Secretaría Xeral da Igualdade

